



CATÁLOGO



Próxima Estación

ESPAZO PARA A CREAMIÓN
E O EMPRENDEMENTO



Agroecología	4
Arquitectura	7
Artes plásticas	10
Artesanía	17
Audiovisual	21
Cosmética natural	24
Diseño e comunicación	27
Mecánica e luthería	33
Narrativa	36
Moda e costura	40
Outras ideas creadoras	43

**Próxima
Estación**

Edita: Concello de Vedra

© **dos textos:** os seus autores/as

© **das imaxes:** os seus autores/as

Coordina: Chío Couto e Concello de Vedra

Deseña e maqueta: Isa Albela (A Mueblería)

Imprime: Artes Gráficas Alonso

RRSS e difusión: Pedro Maceira e 4BajoCero

Arquitectura efémera: César García (E-LÓ?_tallerDdeseño)

Vedra, 2018

Próxima Estación

Próxima Estación nace co obxectivo da posta en valor e o recoñecemento do talento, da creatividade e o emprendemento no Concello de Vedra, unha iniciativa coa que pretendemos darlle continuidade ao proxecto 15885, que naceu no 2014 coa filosofía das témporas que nos din o tempo que vai vir!!.... E no que se demostrou que a Vedra se achegaba un tempo novo, ilusionante, onde a creación terá o seu espazo no que a mocidade poderá demostrar a súa capacidade de darlle vida a novas ideas, elaborando proxectos novidosos para ser as/os emprendedoras/es do futuro.

Un desafío para os vindeiros anos que precisa do impulso das administra-

cións, por iso, dende o Concello de Vedra pretendemos revitalizar a antiga estación de ferrocarril, dotándoa dunha nova vida con novas funcións para convertela nun espazo cultural, de creación e de emprendemento.

A restauración do vagón e da antiga nave do ferrocarril para convertelos en espazos de coworking e de usos múltiples, son un bo exemplo do impulso institucional para fomentar e fortalecer a participación na vida cultural das mozas e mozos, apoiar a creación e o emprendemento para o desenvolvemento local, e dar visibilidade ao enorme talento que atesoura a nosa mocidade.

Concello de Vedra

Agroecoloxía

Conchi Docampo e Miguel Navarro

O noso proxecto comenza por querer vivir e traballar en Vedra. Chegamos a Vedra no 2005 e queríamos tamén traballar no rural. As nosas inquietudes polo respecto á terra, ao medio ambiente e ás persoas fíxonos poñer mans a obra e poñer unha horta en agrocolóxico para facer venta directa, dándolle valor ao produto local, fresco e sen sustancias químicas sintéticas.



✉ burbullasdesol@gmail.com



Hortasan

Pura Seoane

Teño a necesidade de crear un amor grande pola nai terra, traballala, e sacar os froitos é un acto marabilloso que quero contaxiar a moita xente para que o fagan algunha vez nas súas vidas.

Hortasan é un proxecto onde permite a homes e mulleres ter contacto coa terra traballándoa, respetándoa e sacando maravillosos manxares para esparcir o consumo alimentario de cercanías.



Fotografía de Xoan Arco da Vella

✉ casadocampo@tempocompartido.com



Arquitectura

Fermín Blanco

Fermín Blanco é doutor arquitecto pola Universidade Politécnica de Madrid e arquitecto pola ETSAVA. A súa traxectoria profesional está impregnada polo carácter educativo e divulgativo dos seus proxectos, sempre nun ámbito híbrido entre disciplinas. Desde 2011 é profesor de Sistemas de Construción na IE School of Architecture and Design. Comeza a súa experiencia profesional co arquitecto Manuel Gallego (2003-2006) e a partir de 2006 exerce a profesión desde o seu propio estudio de arquitectura na Coruña e traballa de maneira continuada co Concello de Vedra no departamento de urbanismo. Durante estes anos realizou exposicións e impartiu cursos e conferencias relacionados coa arquitectura, o deseño e a didáctica. En 2008 funda Sistema Lupo, un paraugas baixo o que actualmente se acubilla un excelente equipo de profesionais implicados no binomio arquitectura-educación. A súa premiada tese doutoral, "Los huesos de Fisac: la búsqueda de la pieza ideal", marcou o inicio dunha serie de proxectos de carácter científico-divulgativo sobre a transferencia do coñecemento desde a técnica e a arte á sociedade. Na actualidade coordina entre outros os programas Nenoarquitectura na Fundación Luís Seoane de Coruña, e MIES é + no CGAC e é presidente-coordinador (ocasional) da Asociación Ludantia Arquitectura e Educación.



✉ info@sistemalupo.com



César García

Tren con destino E-LÓ?, vai efectuar a súa saída!!! Arranca dende Vedra a locomotora propulsada por combustible a base de ansia e creatividade. A medida que o tren chamado deseño vai percorrendo un itinerario sinuoso e irregular, os vagóns, nas variopintas paradas, vánse enchendo con diverso material académico no eido do arte, da enxeñería e do deseño. Así, con rumbo firme e velocidade constante, o tren achégase á súa meta:

E-LÓ?_tallerDdeseño_: Un estudio artístico multidisciplinar no que se levan a cabo proxectos nos eidos da ARQUITECTURA, do DESEÑO GRÁFICO e da FOTOGRAFÍA. Todo baixo o nexa común do deseño como ferramenta de benestar, da arte como xeradora de emoción, da tradición como identidade e da creatividade como forma de vida.



✉ cesar.garcia.pineiro@e-lo.eu



Superior e esquerda: Proxectos de deseño gráfico
Inferior: Proxecto de vivenda unifamiliar



María Devesa

Artes plásticas

María Devesa

Desde moi pequena gústame debuxar, por iso optei polo bacharelato de artes, logo fixen un ciclo de deseño gráfico e comecei a ir a clases de pintura ao óleo, nas que levo varios anos. Anualmente expoño as obras coas miñas compañeiras da clase na Casa das Artes de Vedra. Ademáis do óleo e do lápiz tamén fago traballos en tinta china e acrílico. Traballo como deseñadora gráfica e fago retratos por encargo, sobretudo para aniversarios. Sempre busco o realismo en cada obra, os detalles e mellorar pouquiño a pouco con paciencia.



✉ meryamdt@hotmail.com



Lupe G. Cabal

Desde os primeiros anos en Lugones (Asturias) os lapis, pinceis, tesouras, pinturas.....foron os meus compañeiros de viaxe. Estudei Maxisterio en Oviedo e orientei a vocación pedagóxica no ensino de artes plásticas e decorativas. Impartín cursos en Padrón, Melide, A Coruña, Bos Aires e, desde fai varios anos, en Santiago e Vedra. Porque creo que tódalas persoas temos capacidades artísticas, defendo o valor do feito cas propias mans.



✉ lupegabal@gmail.com



Xurxo Guitián

Neto do Vitoriano por parte de pai e de Fina por parte de nai. Paríronme en Coruña en 1969. Pero o que se di vir ao mundo, nacer, nacín en Vedra en 1984, após vivir 2 anos na Coruña e 12 en Vigo. Polo tanto sou Ullán de nacemento, e iso non é discutible. Traballei nun xornal sen ser xornalista. Defendín traballadores sen ser sindicalista. Fixen viño sen ser viticultor. E agora saco fotos e conclusións. Saco fotos. E cando gosto delas imprímoas sobre aluminio para que o brillo do metal realce as luces altas como se estivesen retroiluminadas.



✉ xurxoguitian@gmail.com



Israel Jiménez

Son Israel Jiménez, artista canario residente en Vedra. O meu traballo céntrase no debuxo e na pintura, levando a cabo series sobre temáticas tan dispares como a análise da psicoloxía humana (eneagrama de Claudio Naranjo), o culto aos obxectos cotiáns, a linguaxe non verbal ou as pulsións da personalidade. A miña formación consta dun Grao en Belas Artes e un Ciclo Superior en Ilustración e Deseño. Expuxen en exposicións colectivas e individuais nas galerías Espacio48 e Federica no era tonta, coas que colaborando.



✉ israeldejimenez@gmail.com



Esperanza Lema


Estudei pintura dende nena. Primeiro en Noia; logo en Santiago como alumna do mestre Rodríguez Carballo; e finalmente en Vigo cos pintores Xavier Pousa Carrera e Antón Abreu Bastos, os meus mentores. Alí en Vigo tamén estudei escultura, na Escola de Artes e Oficios Artísticos. Dende o ano 1973 realicei numerosas exposicións, tanto individuais como colectivas. A natureza, a climatoloxía e a terra da ulla son ingredientes fundamentais na miña obra que sempre afronto dende a miña máis honesta sinceridade.



✉ melbouzas@gmail.com

Esquerda: Outono en Amandi, 2007

Abaixo: Reflexos no Corgo, 1994



Delio Sánchez

Delio Sánchez

Nacer preto do mar, é nacer ben.. O noso mar é pródigo en historias de aventuras e imaxinacións (...)

Delio Sánchez, noiés de nacemento, apaixonado do Jazz, pinta tocando xa sexa suaves melodías do ambiente do Clube, interiores con músicos desvelados ou ben estrepitosas obras expresionistas de acción impulsiva con cores primarias que se refregan nun caos primixenio.

Inspíralle por tanto a natureza e o home inmerso nela, a música do home e do mar rumboso, inspíralle a paixón, o sinxelo e o rústico (...)

Nada escapa ao seu pincel, nin aos seus modelados en escultura, que arrincadas da terra, dan vida a formas terreas vestidas de graníticas pedras e ferros oxidados. Todo o absorbe e transforma para que alguén mais, poida gozalo nas súas obras.

J.L.Iglesias Diz



✉ oscatrogatos@gmail.com



Artesanía

Charo López

Charo López Atelier, é un obradoiro de sombrería, que nace dun soño de xuventude. Tras facer moitas formacións, a nivel nacional e internacional, logrei a base para traballar no meu propio obradoiro con técnicas de sombrería antigas e modernas, que unidas a creatividade e traballo totalmente manual, logro a creación de pezas únicas que complementan os estilos dos meus clientes.

No obradoiro podes atopar unha gran variedade de pezas de sombrería, tocados ou outros complementos como bolsos e cinturóns.



✉ charolopezatelier@gmail.com




Alba Rodríguez

Veño dunha empresa familiar onde sempre traballamos no mundo da cerámica artística. Os nosos artigos van dende vaixelas e figuriñas de adorno para o fogar ata a xoiaría en cerámica. Precisamente a esto último e ao que me estou adicando últimamente, estou sacando unha liña de complementos para o adorno persoal, diferenciada do que tradicionalmente facemos en Cerámica da Ulla e a que lle chamei Colección Ar.

Esta colección de complementos (colares, pendentes, pulseiras...) vai

destinada a un público máis alternativo. Todas as pezas están feitas a man, polo que resulta difícil atopar dúas iguais. Utilizo case sempre formas xeométricas e cores vivas aínda que tamén me inspiro en formas da natureza. Por agora os únicos puntos de venda desta liña son os mercados de artesanía ou o noso propio taller, pero nun futuro, espero que non moi lonxano, comezarei coa venda a través de internet.

✉ albarodriguez.ceramica@gmail.com



Catrotintas

Rafael Rodríguez

Catrotintas é un taller de encadernación artesanal e impresión tipográfica. Trabállase con ferramentas e maquinaria manual, a maioría, non precisa consumir enerxía allea á forza humana. Poñendo en valor máquinas consideradas obsoletas, por non axustarse á capacidade de produción que se require na actual sociedade de consumo, e salvándoas do seu destino como obxecto decorativo ou no peor dos casos a chatarra. Combínase a estandarización do traballo en serie coa personalidade do traballo manual. Catrotintas ofrece un produto final coidado e feito íntegramente a man.



✉ catrotintas@gmail.com



Audiovisual

Manuel García

Os primeiros pasos dentro do audiovisual deinos a finais dos anos 90 nas xa desaparecidas Tele Teo e Tele Boqueixón, como colaborador. Despois deste primeiro acercamento, comecei a estudar o Ciclo Superior de Realización de Audiovisuais e Espectáculos na Escola de Imaxe e Son de Vigo. A raíz disto incorporeime ao mundo laboral en diferentes televisións e produtoras (Filmanova, CTV, Localia Santiago, Deza Visión, Saga TV,...) ampliando ao mesmo tempo a miña formación coa Licenciatura en Comunica-

ción Audiovisual, na Universidade de Vigo e o Doutoramento en Comunicación na Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, desde o ano 2001 realizo traballos como freelance, desenvolvendo tarefas nos campos da realización, edición e posproducción de vídeo. Compaxino esta labor coa de profesor en diferentes cursos e no Grao en Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña.

✉ manuelgarciatorre@gmail.com



Spot da Semana Verde de Galicia para TVG e V Televisión



Marisa Otero

Artekille é un proxecto creativo iniciado por Marisa Otero. Afecta ao mundo da creación artística desde a idea inicial ata o desenvolvemento e presentación do traballo finalizado. A creación artekille afecta aos ámbitos literario, escultórico, musical, repentista e audiovisual. Marisa Otero ten diversas obras audiovisuais como directora, entre as cales destacan *Querida Xulia, Xeira, Nebra, Elia e o libro, Labregofers, Memento Mori, Cántame como era ou Botellas*. Algunhas delas seleccionadas ou galardoadas en recoñecidos certames. No ámbito académico, no traballo con grupos de escolares, recibiu diversos premios con obras como *Comunicarse, Produto do país*, e un premio de Innovación Educativa a nivel estatal con *Dives Gallaecia*. Artekille tamén está presente na obra doutros directores, sobre todo a nivel de dirección artística e vestuario. Na actualidade Marisa Otero está xestando a idea dun cambio cualitativo importante en proxectos tanto literarios como audiovisuais.



✉ artekillepro@gmail.com



Cosmética natural

Isabel Cerdeira

Cunha experiencia de máis de trinta anos de venda no mundo da cosmética tradicional, fai tres anos tiven a oportunidade de coñecer en profundidade o mundo da cosmética ecolóxica, o que me inspirou a facer o que sempre soñara, ter os meus propios produtos e, neste caso, cun produto propio da terra, descoñecido e cunha gran proxección de futuro.

Aproveitando a miña produción de aceite de camelia, envasei en distintos tamaños o meu propio aceite prensado e, ademais, cos coñecementos adquiridos e en colaboración cun laboratorio conseguín crear unha crema de mans e corpo cos elementos naturais que eu buscaba.



✉ info@cameliaecocosmetica.com



Eva María Castiñeiras

Eva María Castiñeiras

Son Eva María, sempre traballei no sector da alimentación, sempre me gustaron as plantas e as súas propiedades tanto medicinais como para usos na pel ou alimentarios. Fun facendo pola miña conta e no meu tempo libre cursos relacionados cas plantas e as suas utilidades.

Detrás deses viñeron os de facer os meus propios xabóns e cremas, todo un divertimento e experiencia, primeiro para a familia e despois para os agasallos das amigas e amigos. Como gustaba e me encargaban cousiñas, comencei este novo emprendemento laboral.



✉ evamjaboncremas@gmail.com



Deseño e comunicación

Isa Albela

Dende cativa sempre me gustou todo o relacionado co debuxo e o deseño. Gardaba as portadas de revistas, folletos, carteis, etc. Nin as mates nin as letras eran o meu punto forte, polo que á hora de elixir por onde encamiñar a miña carreira profesional, tíveno claro: as artes. Realicei o Bacharelato Artístico; posteriormente fixen o CS de Gráfica Publicitaria; e completei os meus estudos formais cursando un Posgrao de Deseño Editorial en Publicacións Periódicas.

No 2013 comecei BOH, un proxecto de deseño no que eu mesma produzo e comercializo os meus propios deseños. BOH deume a oportunidade de crecer, de mellorar profesionalmente e de chegar a moita xente. Desde comezos deste ano (2018) estou inmersa noutro novo proxecto: A Mueblería, un estudio de deseño gráfico e fotografía no que traballo xunto co meu compañeiro Rubén e onde nos adicamos dun xeito especial, á reportaxe de eventos e ao deseño de invitacións e recordatorios personalizados.




✉ info@amuebleria.com



Carlos Gamás

Metinme neste mundo por casualidade, por un cursiño que fixen de deseño HTML no que tocamos pequenas mostras de deseño gráfico, e pouco a pouco fun coñecendo outras vertentes deste mundo que me enganhou no instante.

Ao ser un deseñador autodidacta fun tocando varios paos, a base de ensaio e erro incluso atopar unha disciplina que entremezcla o mundo do deseño co mundo da cociña que é o meu traballo principal, como son as tortas de fondant. Ou tamén a mezcla do deseño e o fútbol, como a creación de equipacións personalizadas e a marcaxe de outras.



✉ katvedra@gmail.com



Mochi Maceira

Son licenciada en ADE, especialidade de márketing. Despois de 7 anos como directora de vendas e consultora creativa de márketing, imaxe e produto da firma Arturo Álvarez, decidín emprender o meu propio proxecto para dedicarme de cheo á miña vocación: o deseño e o márketing, especializándome en estratexia de marca e deseño web orientado á experiencia de usuario. A miña paixón é o mundo das marcas, ver cómo poñer en valor as cualidades dunha empresa para poder atraer ao público ideal e ser máis competitivas todo isto optimizando os recursos de cada empresa.

Os meus servicios están enfocados cara a estratexia de marca, deseño web, marketing e comunicación. O que tratamos é de axudar aos clientes a poñer en valor a súa marca, definir obxectivos estratéxicos e desenvolver toda a comunicación tanto visual como de contidos para conquistar ó seu público obxectivo. Isto facémolo a través de dúas ferramentas principais: o branding (deseño da marca/logotipo) e o deseño web e os contidos (historias) que contamos sobre a empresa. A partir destas pasamos a deseñar os soportes publicitarios necesarios tanto as campañas conceptuais como o deseño gráfico das mesmas, deseño de carteles publicitarios, dossiers, catálogos etc...




✉ info@mochimaceira.com



Pedro Maceira

Son creativo e deseñador gráfico publicitario. Son un apaixonado da cor, do equilibrio e photolover. Diúrno por obrigación, fan da gastronomía e sempre baixo o lema: se queres algo, vai a por el.

Ao acabar os meus estudos empezo a traballar nunha téxtil na Coruña, no departamento de marketing e comunicación. Posteriormente, preséntaseme a oportunidade de volver á casa para traballar nunha axencia de publicidade en Santiago. Dous anos despois, con dous socios, creo 4BajoCero, un estudio multidisciplinar que ten a sorte de traballar con empresas locais e con marcas de referencia a nivel nacional e internacional.



✉ pedro@4bajocero.com



Woodglass

Martín Rendo

Son un deseñador e fotógrafo galego multidisciplinar. Traballei en distintos ámbitos da publicidade e marketing creativo dende o ano 2004. Na actualidade deseño o produto Woodglass baixo o paraugas de Suve, un estudio creativo en Santiago de Compostela.

Woodglass comezou como gafas de madeira pero a día de hoxe tamén fabricamos as nosas monturas en acetato orgánico. O deseño común en tódalas monturas da nosa firma teñen liñas clásicas directamente relacionadas cos anos 70 e 80 pero coas liñas e materiais actuais.



✉ info@woodglass.es



Mecánica e luthería


David Segade

Nacín e creime en Trobe (Vedra) e desde ben pequeno as actividades manuais chamaronme a atención. Sempre tiven claro que o meu era crear e facer cousas coas miñas propias mans. Desde carpinteiro hasta operario de maquinas de control numérico para a industria automotriz pasando por repartidor nun supermercado, sempre tiven claro que “quen algo quere, algo lle costa” e no meu caso foron moitos anos de esforzo e moita inversión. Dez anos despois do inicio da actividade podó decí que valeu a pena todo o esforzo.

En Karbonius deseñamos e fabricamos distintos accesorios de fibra de carbono para o sector automotriz. Temos fabricado

desde motos de competición hasta carrocerías de coches de Rally que gañaron o Campeonato de España , carrocerías para un superdeportivo ou dun todo terreno que ten intención de participar no Rally Paris-Dakar. Neste momento estamos especializados en caixas de admisión de motores de coches de alta gama, que incrementan as prestacións do vehículo, así como en diversas pezas de creación propia para o mundo da competición automobilística. O noso mercado e principalmente o alemán, inglés e americano que supoñen o 90% das nosas ventas.

✉ info@karbonius.es




José Antonio Pose “Fou”

A pianista Idoia Uribarri dixo: “Todos os instrumentos teñen alma. Non é só a de quen a toca, senón a súa propia. Pero o violín é un caso especial porque é lonxevo. Por ese motivo, a súa alma envellece e vaise enriquecendo, tanto por un son que mellora có paso do tempo como pola súa relación coas almas de todos os que o posuiron e o tocaron”.

Así que constrúo instrumentos raros e reparo instrumentos antigos, porque gusto da alquimia e da madeira, porque ademais son contedores de segredos e de vivencias, e porque como propietario non son mais que un depositario temporal dun legado que descoñezo, pero que gusto imaxinar.



✉ fou@telefonica.net



Henrique Neira


Henrique Neira

Nacín en Caracas en 1973. Licenciéime e doutoreime en Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Fun redactor no Grupo Correo Gallego e actualmente son profesor de Formación Profesional.



✉ valdoulla@yahoo.es

Narrativa



Xerardo Neira

Nacín en Santiago de Compostela en 1978. Licencieme en Bioloxía na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Fun redactor no xornal Galicia Hoxe, do Grupo Correo Gallego; guionista na serie *Doutra Banda*, da Televisión de Galicia, e autor de novelas como *O rei dos lobos* (2006) ou *O capador de boinas* (2013).



Ana Valín


Dende os cinco anos desexei con fervor converter o dominio das palabras nun verdadeiro oficio para min. Aí nace o meu gusto pola lectura, os trabalinguas, os xogos de palabras... e diferentes retos lingüísticos. Na actualidade compaxino a miña labor de mestra de educación infantil coa miña verdadeira vocación polo mundo literario escribindo poesía, relatos curtos e novela.

Baixo o patrocinio do Grupo Plantea recentemente publiquei a miña primeira novela xuvenil *El vals de las hormigas*; unha comparativa entre os ritmos vitais das persoas e eses seres tan ínfimos chamados himenópteros, dos que sen dúbida temos moito que aprender. A novela revela así en clave filosófica a importancia de apostar por escoitar o noso propio latido en lugar de reproducir o dos demais pola simple preocupación de... non encaixar.


"Anoche soñé con una salamandra en mi nuca que se enroscaba como las rosquillas de Lucía y dormía más plácida que yo misma, con su traje de lunares y su mantilla española

De sangre fría como yo,
el reptil respiraba sobre mi cabeza
encogida cual polluelo en su nido
para no perder ni un solo suspiro de calor".

Ana Valín



✉ anavalin@hotmail.com



Moda e costura

María Lobato

Con 13 anos nas clases de plástica, descubrín que era posible dedicarme nun futuro ao que eu quería, a arte e a educación. Ao saír do colexio estudei bacharelato artístico, despois xoiería artística e finalmente un grao de deseño na especialidade de moda.

Na actualidade continuo formándome académicamente e traballando de profesora, pero nun futuro non moi afastado quero levar a cabo un proxecto chamado Mailo. Será unha pequena firma de moda que terá como emblema á muller e Galicia, cunha liña totalmente intimista e minimalista, fusionando tradición e experimentación en pezas totalmente deseñadas e feitas a man por e para unha única persoa.



✉ marialg14@gmail.com



María Gaiteiro

En xuño de 2012 abre as súas portas Nobelo a nobelo, tenda de tecidos. Facía uns meses que quedara no paro e pensei que era o momento de por en marcha o vello soño de abrir unha tenda. Non tardei en incorporar clases de costura, bordado a man, crochet, telar.... actividades complementarias que incentivaban os ingresos. Ao mesmo tempo comecei a deseñar e confeccionar complementos para canastillas e decoración infantil para por á venda e dar ideas do que se pode facer cunha tela. Hoxe en Nobelo facemos case de todo, dende decoración ata bolsos, fundas de pandeireta, bonecas,... Sendo os obradoiros de costura o motor da tenda, onde as persoas que participan se senten a gusto creando e deseñando.



✉ mariagaiteiro14@gmail.com



Outras ideas creadoras

Música

Okeoh

Okeoh formouse a principios de 2010, co obxectivo de crear unha música de xénero alternativo cunha intención inicialmente ociosa; cos anos, e coas aportacións dos distintos compoñentes que foron pasando pola formación, fomos madurando musicalmente ata chegar a autodenominarnos *Power trio* con Fito á batería, Markos na guitarra e voz e Norte ao baixo.

Os nosos primeiros ensaios foron na antiga Escola de Trobe e no Centro Cultural de San Fins; ao pouco tempo, tivemos o luxo de tocar en locais e festas da zona dándonos a coñecer pola comarca.

Hoxe en día seguimos a traballar para facer un directo apto para todos os públicos, cunha música que ten influencias do rock, punk, hard-core e metal.

Creamos unhas letras reivindicativas que falan dos acontecementos do cotío, que fan crítica a este suposto estado de benestar, que xera riqueza para uns poucos e miseria para outros moitos. Actualmente seguimos a crear novos temas porque, visto o visto, non se esgotan estas "fontes de inspiración".



Píntegha

Píntegha, formada por dúas guitarras acústicas (Fandi e Dorado) e un caixón flamenco (Markos), nace no 2018 a partir de temas compostos e cantados por Dorado (e algunha versión), en formato acústico. Logo de facer varios concertos polos bares da zona, decídese pasar o proxecto a modo eléctrico, introducindo unha batería e incorporando a un cuarto membro ao baixo (Norte). Pese á curta traxectoria do grupo, os nosos ensaios e concertos flúen coa harmonía dun grupo xa consolidado, gracias á riqueza aportada dos nosos anteriores proxectos musicais e á conexión e entendemento entre nós, como músicos e como amigos. De alí, o noso nome, a referencia á Píntegha, un ser que, como conta a antiga mitoloxía, presenta as pintas da súa pel como cicatrices dun renacer fronte ao paso polo lume.



Máis Son

Somos un grupo musical que xuntando varios estilos artísticos intenta facer que todo o público pase un rato divertido.

Creamos un novo estilo de animación musical, xuntando artes como teatro, baile, humor... Dedicándonos a facer un estilo diferente e único, que se executará en todo tipo de eventos ou xuntanzas.

Música

Marcos Guitián

Fago as miñas cancións que defendo con guitarra e voz. Fixen varias colaboracións con artistas como Jorgito Kamankola ou Jorge Casal. Estiven en varios grupos nos anos 90 coma Os rumbosos con Xacobe Martínez Antelo (Sumrrá) ou T. Lápidus con xente como Xaime Alvarellos ou Fran Facal. Colaborarei en directo con Sindicato del crimen nos 90 e con Ndno nos 2000. Toquei por toda Galicia, Madrid, Lisboa e Porto. E estou pendiente de tocar próximamente en Cuba.



Ruta interpretativa

David Fernández

En GEO facemos rutas e turismo de forma creativa para tódalas idades. Eventos creativos e dinamización de espazos.



Degustación

O fogar do avó

O fogar do avó é un pequeno negocio familiar fundado fai 32 anos. Actualmente, o noso interés é ir mellorando o noso negocio, pensando en agradar a nosa clientela e intentar que novos clientes se sintan atraídos a visitarnos e degustar os nosos platos. Traballamos a cociña tradicional con algún toque innovador, que intentamos mellorar día a día.

Casa Barreiro

Fundada hai 44 anos (1974) xa imos pola terceira xeración familiar. Unha taberna rural onde poderás degustar comida caseira. As nosas especialidades son: cabra, cocido e callos.

Graffiti

Marcos Nodar

Levo unha traxectoria bastante breve, comecei fará uns tres anos a facer graffitis, fun evolucionando pouco a pouco e sempre o tomaba como un pasatempo pero a medida que facía máis traballos foime gustando máis e agora e algo máis que unha afición.




Ciencia e innovación

Antón Vázquez

Fai 5 anos entro a formar parte do grupo aeroespacial da Universidade de Vigo, grupo que fixo e puxo en órbita o primeiro nanosatélite español da historia. Tras realizar diversos proxectos de satélites dende o lanzamento de varios e misións conxuntas ca ESA e a NASA, decidimos o pasado ano dar o salto ao mercado creando unha spin-off da Universidade de Vigo (Alén Space) para proveer solucións basadas en nanosatélites.

Os nanosatélites son satélites que pesan menos de 20Kg, e teñen cortos períodos de desenvolvemento así como reducido coste. Estes pequenos satélites son parte fundamental dunha revolución que está tendo lugar no sector espazo.

En Alén realizamos solucións basadas en nanosatélites. Dende o deseño da misión, a creación e testeo dos satélites, xestión do lanzamento e a operación dos mesmos unha vez en órbita.



Destilería

José Albela

Considero que un dos adxetivos que describe a unha persoa que comeza un proxecto é aventureiro. No meu caso os comezos foron duros pero moi apaixonantes. Moi pronto me din conta dunha cousa, tiña que saír da zona de confort e frecuentar a zona de aprendizaxe e a de pánico, nestas dúas últimas descubrín que podes facer cousas diferentes e moi interesantes.



Audiovisual

Emilio Clemente

Realizo gravacións de eventos e televisión. Busco sempre o plano informativo que perdure no tempo e sen entrar en modas.



Audiovisual

Juan José García

Chámome Juan J. Garcia pero nas redes sociais coñecésemelo polo sobrenome de videoXIAN, a razón de que son un vídeo afeccionado da parroquia de San Xián de Sales - Vedra que me entreteño gravando vídeos de vivencias ou acontecementos, principalmente entre Galicia e Ibiza. ás veces colaboro tamén gravando para profesionais, dos que aprendo moito, e me abren as portas para poder acudir tanto a eventos sinxelos ou de alta envergadura. Os meus vídeos os difundo a través das redes sociais máis populares, pero é a través da miña canle de YouTube videoXIAN a que me esta aportando certa popularidade fora da comunidade e incluso do país, curiosamente matizando en que a maioría dos meus vídeos están en lingua galega. O contido dos vídeos subidos a miña canle misturan estas temáticas:

GALICIA: Tradicións, festas, costumes, xentes e algo mais.... Por proximidade, principalmente dun entorno rural galego situado na comarca natural do Val do Ulla, arredores de Santiago de Compostela. A destacar, a recompilación de vídeos antigos dos Xenerais da Ulla e da Asociación cultural e deportiva Raiolo, o contido específico das actuacións das mellores orquestras de Galicia e outras lerías que a xente común quere contar a cámara.

IBIZA: Xente, festa, cultura, natureza, etc.

videoXian

Asesoramento

Diego García

DGP Consultores xurde co fin de ofrecer solucións no ámbito da formación tanto a nivel particular como empresarial, así como proporcionar un completo servizo de consultoría centrado principalmente na adaptación e implementación da nova normativa en materia de protección de datos. Os principais servizos que prestamos son: xestión da formación de demanda (bonificada); formación multisectorial (online e presencial); cursos acreditados (CNFC e URJC); implantación e adaptación á nova normativa en Protección de Datos; Contratos de formación e aprendizaxe; seguridade alimentaria.

Dimas Suárez

Somos unha empresa sita no corazón de Vedra, dedicada a dar solucións no ámbito fiscal e de seguros, tanto a particulares como a PEMES, contando xa con unha vagaxe de mais de 30 anos de experiencia



#ConfianzaAsegurada

+Suárez

Asociacións Culturais

Senunpeso

Asociación que traballa desde o 2009 co obxectivo de contribuír a unha sociedade máis crítica e autoconsciente con tres eixos: o audiovisual (entendido como esforzo colaborativo), o rural (unha sociedade con vigor e participativa) e Galicia (procurando transcender o local).

As liñas de traballo son principalmente a formación, centrada en ofrecer competencias no audiovisual a todo tipo de persoas, e a promoción e exhibición de cinema galego.

A actividade máis coñecida de Senunpeso é o Laboratorio Audiovisual de Vedra (LAV) que logo de dez anos, en 2018 se reconverteu no LAV.mov. Como principal novidade, lanzouse o concurso de curtas express "A fume de carozo", no que cada equipo realizou unha curta pensada, gravada e montada en Vedra nunha fin de semana.



Papaventos

A Asociación Cultural Papaventos foi creada o 7 de novembro de 1988 e de sempre unha das actividades fundamentais foi o teatro. Tras un período de inactividade, desde 1994 ata o 2002, un grupo de mozos e mozas que participabamos na Aula de teatro do Concello de Vedra decidimos retomala e voltar a facer teatro.

A mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatro-filia, é un dos encontros de teatro afeccionado máis consolidados de toda Galicia. Celébrase no Concello de Vedra coincidindo co agromar da primavera dende o ano 2003.

Andaravía Teatro é a compañía pertencente á Asociación Cultural Papaventos que dende o 2002 realiza representación teatrais en variados formatos e por toda a xeografía galega.



Ata a Próxima Estación!





Organiza

Colaboran



YouthNest.crea
 INCUBADORA TRANSNACIONAL DE EMPRENDIMIENTO
 CREATIVO NO RURAL EUROPEO



Cofinanciado polo
 programa Erasmus +
 da Unión Europea